ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU04003

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre a Lei de responsabilidade penal do menor: tres anos despois.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	10
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2004
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O novo proceso de menores introducido pola LO 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal do menor, supón un cambio substancial no conxunto normativo aplicable ós menores infractores. Os seus xa catro anos de aplicación non minguaron o interese social que a súa entrada en vigor espertara, producíndose na actualidade continuas referencias a esta regulamentación, de importante transcendencia na vida xurídica e social do país, o que xustifica a realización destas novas xornadas.

A través dos relatorios que se expoñerán, preténdese unha análise da solución político-criminal adoptada pola Lei 5/2000 e dos principios xerais que a informan. O correspondente estudio enfocarase desde unha perspectiva múltiple e teórico-práctica, que ofreza unha visión completa das disposicións e que analice os problemas que se veñen rexistrando na aplicación da devandita lei.

DESTINATARIOS

Persoal ó servicio da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

Trataranse estes temas:
-A lei do menor: aspectos penais e procesuais.
-O proceso de menores: a fase de instrucción.
-O proceso de menores: audiencia, sentencia e recursos.
-A intervención da autoridade xudicial, o Ministerio Fiscal e os avogados no proceso de menores.
-As medidas e as regras para a súa aplicación.
-A execución das medidas e disposicións derradeiras: aspectos penais e procesuais.
-A intervención dos equipos técnicos no novo proceso de menores.
-A responsabilidade civil dos menores

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local

3. DATOS EDICIÓNS

OURENSE		
LOCALIDADE: Ourense		**INICIO / FIN:** 09/03/2004 a 10/03/2004
NUM. PRAZAS: 275	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
Salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia, avda. da Habana,nº 79, Ourense		